



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Matemáticas

Curso Académico: 2017/2018

Índice

1.	Introdución.....	2
2.	Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade	3
2.1	Estrutura da Facultade de Matemáticas para o desenvolvemento do SGC.....	3
2.2	Seguimento do SGC.....	5
2.3	Actuacións máis relevantes no Curso 2016-2017.....	6
2.4	Indicadores do SGC.....	6
3.	Plan de Melloras do Centro	11
3.1	Revisión sobre o plan de melloras do curso 2016-2017	11
3.2	Plan de melloras do curso 2017-2018	13
4.	Anexo: Informes de seguimento e accións mellora	28

1. Introducción

A Facultade de Matemáticas é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario, para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia. Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Matemáticas elabora a súa política marcándose como principal obxectivo desta o desenvolvemento de programas formativos avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

Nesta Memoria de Calidade da Facultade de Matemáticas, correspondente ao curso académico 2017-2018, recóllese información relativa ao Sistema de Garantía de Calidade (SGC), ao seguimento dos títulos impartidos no centro e o plan de melloras do centro (revisión das accións de mellora do curso 2017-2018 e novas propostas para o curso 2018-2019), incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos.

Esta Memoria de Calidade da Facultade de Matemáticas correspondente ao curso 2017-2018 foi elaborada pola Comisión de Calidade, aprobada na sesión do 28/10/19 como suma dos informes de seguimento de todos os títulos dos que a Facultade de Matemáticas é responsable e que foron aprobados con data 06/06/2019 pola Comisión de Calidade do Centro, despois de ser extendidos por parte das autoridades competentes os prazos de remisión dos mesmos.

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade

2.1 Estrutura da Facultade de Matemáticas para o desenvolvemento do SGC

Ámbito de aplicación. O ámbito de aplicación do SGC durante o curso 2017-2018 atinxe a todas as titulacións impartidas no centro e a todas as persoas da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Os títulos vinculados á Facultade e que estiveron vixentes durante o curso 2016-2017 foron:

- Grao en Matemáticas.
- Máster en Matemática Industrial.
- Máster en Matemáticas.
- Máster en Técnicas Estatísticas.

O curso 2017-2018 foi o terceiro da implantación dos programas de simultaneidade de estudos entre as titulacións de Grao en Matemáticas e Grao en Física (Dobre Grao en Matemáticas e en Física DG-MF) e entre as titulacións de Grao en Matemáticas e Grao en Enxeñaría Informática (Dobre Grao en Enxeñaría Informática + Matemáticas DG-EIM).

Polo tanto, os informes de seguimento que se achegan a esta memoria de calidade corresponden ao Grao en Matemáticas (GM), ao Máster en Matemática Industrial (Mzi) e ao Máster en Técnicas Estatísticas (MTE) e ás accións de mellora do Máster en Matemáticas (MM) tendo en conta que no curso 2018/2019 tivo lugar o proceso de re-acreditación.

Documentación de referencia. Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGC, ademais do Manual do SGC e do Manual de Procesos e Procedementos e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), a que se inclúe a continuación:

- Memoria de Grao en Matemáticas da USC
- Memoria do Máster en Matemática Industrial
- Memoria do Máster en Matemáticas
- Memoria do Máster en Técnicas Estatísticas
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade en Matemáticas
- Regulamentos de Réxime Interno dos departamentos adscritos á Facultade
- Regulamento de Réxime Interno da Comisión Académica do Máster en Técnicas Estatísticas

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade do Centro, as comisións de título, a/o responsable de calidade do centro e as/os coordinadoras/es de título.

As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionadas co desenvolvemento do SGC poden consultarse no Capítulo 3 do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Matemáticas. Detállanse a continuación a composición e funcións da Comisión de Calidade:

MEMBROS DA CCC durante o curso 2017-2018

- A/O decana/o da Facultade de Matemáticas, quen convocará e presidirá
- A/O responsable de calidade do centro (RCC)
- As/os coordinadoras/es de título: Grao en Matemáticas, Máster en Matemática Industrial, Máster en Matemáticas e Máster en Técnicas Estatísticas. O/A Xestor/a de Centro (ou persoa que designe a/o decana/o)
- 2 membros do PDI de departamentos adscritos á Facultade
- 1 alumna/o (preferiblemente alumno/a-titor/a)

Son funcións da Comisión de Calidade:

- Realizar o deseño, implantación, seguimento e mellora do SGC da Facultade.
- Elaborar a Memoria de Calidade da Facultade, que englobará os distintos informes e memorias (informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras da Facultade para o curso seguinte; informe do seguimento da implantación do SGC e as súas propostas de mellora e memoria de seguimento dos títulos que inclúen as propostas de mellora, elaboradas polas correspondentes comisións de título).

Reunións da Comisión de Calidade, durante o curso 2017-2018:

18 de abril de 2018 ás 12:15 horas. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- 2.- Informes de seguimento das titulacións do Centro
- 3.- Asuntos de trámite
- 4.- Rogos e preguntas

18 de xuño de 2018 ás 10 horas. Reunión extraordinaria, co punto único:

- Adaptación do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Matemáticas á modificación do sistema marco aprobada o 22/02/2018 e preparación do proceso de certificación do SGC

Esta última reunión tivo continuidade en dúas sesións posteriores (18 de xuño e 26 de xuño, ambas ás 10:00 horas)

2.2 Seguimento do SGC

O SGC busca propiciar a mellora continua nas titulacións adscritas aos Centros da USC permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten a súa acreditación e a renovación da mesma de acordo ao establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010. O SGC marco da USC está deseñado seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices englobados en 5 eixes, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias a estes efectos, denominados AUDIT e FIDES.

Dende xullo de 2009, a Facultade de Matemáticas conta cun Sistema de Garantía de Calidade, cuxa documentación de referencia consistía nun "Manual del Sistema de Gestión Interna de Calidad (MSGC)", onde se definen as características xerais do sistema, xunto cun "Manual de Procesos y Procedimientos".

A USC aprobou o primeiro SGC marco en decembro de 2009, e a Comisión de Calidade e Planificación, delegada do Consello de Goberno da USC, na sesión que celebrou o 31 de maio de 2013, aprobou unha revisión do mesmo que obrigou a unha modificación do SGC do centro. A Xunta de Facultade aprobou a correspondente modificación do SGC o 4 de decembro de 2013, coa que se simplifica a documentación de referencia, adscribíndose o centro ao manual de procesos e procedementos marco da USC. Tamén se definiu a política de calidade do centro, que segue vixente na actualidade.

O “Manual Simplificado do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Matemáticas”, así como o “Manual Extenso do Sistema Marco de Garantía de Calidade” e o “Manual de Procesos e Procedementos” están dispoñibles a través da páxina web da Facultade de Matemáticas, no seu epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía de Calidade.

http://www.usc.es/gl/centros/matematicas/Calidade/Sistema_Calidade.html

A Comisión de Calidade e Planificación aprobou, nunha reunión celebrada o 3 de outubro de 2014, os cambios introducidos no Manual simplificado do SGC, froito da revisión do sistema. Estes cambios afectan só ao apartado 5 denominado Indicadores. Como consecuencia, o 29/10/2014 reúnese a Comisión de Calidade para aprobar a modificación do SGC que foi aprobada posteriormente pola Xunta de Facultade o 19/12/2014. Esta nova versión do SGC foi aprobada polo Consello de Goberno con data 4/02/2015.

O 29 de xullo de 2015 foi aprobada en Consello de Goberno a terceira versión do Manual de Procesos e Procedementos do Sistema de Garantía da Calidade marco. Fundamentalmente os cambios consistiron nunha actualización da normativa relacionada e dos indicadores asociados a cada proceso/procedemento para que reflectiran os cambios producidos no Manual simplificado. Ademais o proceso PC-02 Revisión da oferta académica foi modificado completamente para axustarse á normativa de modificación da ACSUG e da USC.

A documentación relativa ao SGC en vigor durante o curso 2017-2018 recóllese na Secretaría do Centro e nas Vicerreitorías competentes relacionadas con cada proceso/procedemento (proceso de control dos documentos e dos rexistros, PS-04), estando algúns documentos integrados na Aplicación de Apoio aos Sistemas de Xestión (informes de seguimento dos títulos e plans de mellora).

Durante o curso 2017-18 levouse a cabo a reforma dos documentos do Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). A actualización do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Matemáticas foi aprobado no Consello de Goberno o 9 de novembro de 2018.

2.3 Actuacións máis relevantes no Curso 2017-2018

Análise de datos das titulacións

Na súa reunión do **18 de abril de 2018**, a Comisión de Calidade do Centro realizou unha análise dos datos das titulacións da Facultade de Matemáticas, Grao en Matemáticas e Másteres de Técnicas Estatísticas e Matemáticas, tendo en conta as valoracións das comisións dos títulos nos Informes de Seguimento dos títulos.

2.4 Indicadores do SGC

Presentamos a continuación os resultados dos indicadores recollidos no Sistema de Garantía de Calidade dos Centros da USC, para o curso académico 2017-2018. Estes indicadores son facilitados polos servizos centrais da USC e postos a disposición dos títulos e centros para a súa análise dentro dos procesos e procedementos vinculados ao SGC de cada centro.

No arquivo [5060_Informe_de_indicadores_2017_18.pdf](#) recollense os indicadores dispoñibles a nivel de centro con datos para cada un dos títulos e no caso de que existan, nos seis últimos cursos académicos ata o curso obxecto da memoria de calidade. Os resultados dos indicadores a nivel de título pódense consultar, xunto

coas correspondentes análises, nos correspondentes informes de seguimento dos títulos vinculados á Facultade.

Debemos comentar que os datos de 2017-2018 que se amosan na Táboa 1 calculáronse agregando os datos dos títulos impartidos en dito curso académico: Grao en Matemáticas (GM), Máster en Matemática Industrial (M2i), Máster en Matemáticas (MM) e Máster en Técnicas Estatísticas (MTE). Cabe tamén salientar que, no caso dos másteres interuniversitarios (M2i e MTE), o alumnado contabilizado é o matriculado na USC, mais nos informes detallados de ditos títulos analizáronse os datos globais.

Indicadores de satisfacción e rendemento

Código	Descrición	Valor (26/10/2015)	Valor (24/10/2016)	Valor (03/11/2017)	Valor (14/11/2018)
IN01C-PC-05	Prazas ofertadas	190	200	194	190
IN02C-PC-05	Matrícula	553	572	595	603
IN03C-PC-05	Matrícula de acceso	173	195	168	169
IN04C-PC-05	Matrícula de inicio de estudos	171	191	168	169
IN05C-PC-05	Variación da matrícula de inicio de estudos	22,14	-1,17	-12,04	0.6
IN06C-PC-05	Nota media de acceso por preinscrición	8,14	9,52	10,34	11,11
IN07C-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	84,85	99,41	99,38	100
IN08C-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	0,36	0,87	0,84	0,66

Código	Descrición	Valor (26/10/2015)	Valor (24/10/2016)	Valor (03/11/2017)	Valor (14/11/2018)
IN09C-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	5,06	3,85	4,37	3,32
IN10C-PC-05	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao)	92,5	71,54	69,35	75,83
IN12C-PC-05	Porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas	90	95,5	86,6	88,95
IN14C-PC-05	Número de matriculados en máster no centro/Número de graduados do centro	1,28	1,56	1,39	1,65
IN17C-PC-08	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	2,89	4,55	3,7	4,15
IN18C-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	1,08	0,87	1,51	0,33
IN22C-PC-09	Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizaron prácticas en empresas e institucións	13,95	12,2	21,36	20

Código	Descrición	Valor (26/10/2015)	Valor (24/10/2016)	Valor (03/11/2017)	Valor (14/11/2018)
IN24C-PS-01	Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título	90,32	94,02	91,08	94,59
IN25C-PS-01	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	98,39	98,36	95,07	95,48
IN26C-PS-01	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	87,1	84,43	82,32	83,13
IN31C-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	36,94	39,32	40,31	43,25
IN32C-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	23,4	23,52	22,47	21,65
IN34CG-S01-PM-01	Taxa de rendemento (Grao)	55,12	61,82	69,15	71,37
IN34CM-S01-PM-01	Taxa de rendemento (Máster)	87,99	89,8	85,56	93,03
IN35CG-S01-PM-01	Taxa de éxito (Grao)	68,46	74,08	79,8	80,98
IN35CM-S01-PM-01	Taxa de éxito (Máster)	97,69	99,14	99,64	99,53
IN36CG-S01-PM-01	Taxa de avaliación (Grao)	80,52	83,45	86,66	88,13
IN36CM-S01-PM-01	Taxa de avaliación (Máster)	90,07	90,57	85,87	93,47
IN37CG-S01-PM-01	Taxa de graduación (Grao)	29,51	30,77	32,68	25,47
IN37CM-S01-PM-01	Taxa de graduación (Máster)	77,78	95,45	75	90
IN38CG-S01-PM-01	Duración media dos estudos (Grao)	4,75	5,33	5,68	5,49
IN38CM-S01-PM-01	Duración media dos estudos (Máster)	1,57	1,48	1,67	2,16

Código	Descrición	Valor (26/10/2015)	Valor (24/10/2016)	Valor (03/11/2017)	Valor (14/11/2018)
IN40CG-S01-PM-01	Taxa de abandono durante o primeiro curso (Grao)	14,42	33,96	31,15	21,01
IN41CG-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393 (Grao)	36,07	48,46	31,73	50
IN41CM-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393 (Máster)	0	4,55	10,71	5
IN49C-PS-01	Satisfacción do PAS co seu traballo		4	2,9	3,81
IN50CG-S01-PM-01	Taxa de éxito dos egresados (Grao)		86,6	83,34	76,73
IN50CM-S01-PM-01	Taxa de éxito dos egresados (Máster)		100	100	90,52
IN51CG-S01-PM-01	Taxa de idoneidade na graduación (Grao)		21,54	17,31	15,09
IN53CG-S01-PM-01	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados, Grao)		78,14	74,25	76,61
IN53CM-S01-PM-01...	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados, Máster)		100	98,89	90,52

Táboa 1. Indicadores do SGC para o curso o curso 2014-2015 (data de explotación: 26/10/2015), 2015-2016 (data de explotación: 24/10/2016), 2016-2017 (3/11/2017) e 2017-2018 (14/11/2018). Datos proporcionados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos

3. Plan de Melloras do Centro

3.1 Revisión sobre o plan de melloras do curso 2016-2017

Presentamos en primeiro lugar unha revisión sobre o plan de melloras do curso 2016-2017, que estaban abertas no curso 2017-18, que se elaborou tendo en conta os informes de seguimento de dito curso e plans de mellora das titulacións impartidas no centro.

Notacións da seguinte táboa:

- ID: (GM: Grao en Matemáticas, M2i: Máster en Matemática Industrial, MM: Máster em Matemáticas, MTE: Máster en Técnicas Estatísticas)-(Identificación da Acción de Mellora nese título no informe do curso 2016-2017)
- Estado: Finalizada (e foi acadado o tempo no que estaba previsto desenvolvela), Activa (se está en curso)
- Eficacia: Si (realizouse según o previsto), Non (non se realizou)
- Data do Estado: Data na que foi rematada a acción con eficacia ou data final prevista
- Curso Seguinte: Si (planifícase para o curso seguinte por non resultar eficaz no curso presentada ou pola periodicidade da mesma), Non (non aparece nas accións do seguinte curso)

LISTAXE DE ACCIÓNS DOS INFORMES DE SEGUIMENTO DO CURSO 2016/2017						
ID	ORIXE (DOCUMENTO)	DESCRIPCIÓN	ESTADO/EFICACIA	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA DO ESTADO	CURSO SEGUINTE
GM-AM-1 (Curso 2017-2018)	Informe Seguimento Grao en Matemáticas	Realización dunha enquisa de satisfacción do alumnado cos títulos e a súa empregabilidade	Finalizada/Si	Decana da Facultade	30/05/2018	Non
GM-AM-2 (Curso 2017-2018)	Informe Seguimento Grao en Matemáticas	Feira de emprego en Matemáticas	Finalizada/Non	Decana da Facultade	27/12/2018	Si
GM-AM-3 (Curso 2017-2018)	Informe Seguimento Grao en Matemáticas	Enquisa de satisfacción para estudantes, titores e membros dos tribunais dos TFGs	Finalizada/Si	Vicedecana da Facultade	29/06/2018	Non
GM-AM-4 (Curso 2017-2018)	Informe Seguimento Grao en Matemáticas	Xuntanzas de coordinación con titores da USC e das empresas	Finalizada/Non	Decana da Facultade	31/07/2018	Non
GM-AM-5 (Curso 2017-2018)	Informe Seguimento Grao en Matemáticas	Enquisa de satisfacción na xornada de benvida aos novos estudantes	Finalizada/Si	Secretaria da Facultade	22/09/2017	Si
GM-AM-6 (Curso 2017-2018)	Informe Seguimento Grao en Matemáticas	Necesidade de mellorar os espazos destinados ao PAS da Facultade. Transmitir ás autoridades con responsabilidade na RAM estas necesidades para, conxuntamente, e cos orzamentos da Facultade, lograr: - Mellorar a temperatura na conserxería, contactouse tamén co Servizo de Prevención de Riscos	Finalizada/Non	Decana da Facultade	28/12/2018	Si

		- Acondicionar un espazo de atención máis personalizada na zona próxima ao decanato - Na análise de redistribución de espazos na Facultade, ter en conta uns espazos mínimos para cada posto de traballo				
GM-AM-7 (Curso 2017-2018)	Informe Seguimento Grao en Matemáticas	O técnico xestor de sistemas con despacho na Facultade comparte dedicación coa Facultade de Bioloxía. Unha carencia, que afecta aos dous centros, é que polas tardes hai moitas clases de laboratorio nas Aulas de Informática e non hai técnico xestor. Transmitiremos á Área TIC a necesidade de reforzo, ou incremento da dedicación de persoal de apoio, para a xestión das aulas de informática.	Finalizada/ Non	Decana da Facultade	10/12/2018	Non
GM-AM-8 (Curso 2017-2018)	Informe Seguimento Grao en Matemáticas	Necesidade de actualización de equipos nas Aulas de Informática	Finalizada/Si	Decana da Facultade	30/11/2018	Si
GM-AM-10 (Curso 2017-2018)	Informe Seguimento Grao en Matemáticas	Definición dun protocolo para incorporar ao repositorio MINERVA os TFG	Finalizada/Si	Decana da Facultade	30/11/2018	Non
GM-AM-11 (Curso 2017-2018)	Informe Seguimento Grao en Matemáticas	Necesidade de introducir unha coordinación vertical na avaliación continua	Finalizada/Si	Decana e vicedecana da Facultade	30/11/2018	Si
M2i-AM-1 (Curso 2017-2018)	Informe Seguimento Máster en Matemática Industrial. Plan de Melloras da Acreditación	Revisión das guías docentes das materias e/ou asignaturas atendendo ao establecido na MVT. Detallando con que metodoloxías se traballan as diferentes competencias e con que criterios se evalúan	Finalizada/Si	Coordina dora Xeral do M2i	2/5/2018	Non
M2i-AM-2 (Curso 2017-2018)	Informe Seguimento Máster en Matemática Industrial. Plan de Melloras da Acreditación	Informe de satisfacción dos empregadores	Finalizada/ Non	Coordina dora xeral do M2i	02/07/2018	Non
M2i-AM-3 (Curso 2017-2018)	Informe Seguimento Máster en Matemática Industrial. Plan de Melloras da Acreditación	Unha vez aprobado o procedemento para a avaliación docente por órganos competentes, difundir a convocatoria do programa DOCENTIA entre o persoal docente do título e fomentara participación na mesma. (A USC non aprobou a convocatoria)	Finalizada/ Non	Coordina dora xeral do M2i	31/12/2018	Non
M2i-AM-4 (Curso 2017-2018)	Informe Seguimento	Revisión do SGC para adecualo ás características e necesidades do centro.	Finalizada/(tarefa 1: Si,	Decana da	29/12/2018	No

2017-2018)	Máster en Matemática Industrial. Plan de Melloras da Acreditación	Elaboración da planificación estratéxica: Plan Estratéxico e Programación Plurianual. (Dúas tarefas)	tarifa 2:Non)	Facultade		
MM-AM-1 (Curso 2017-2018)	Informe Seguimento Máster en Matemáticas	Para facilitar o proceso de asignación de titor de TFM, concretarase unha oferta de titores de TFM cada curso que se fará pública na páxina web.	Finalizada/Si	Coordinadora do MM	31/07/2018	Si
MM-AM-2 (Curso 2017-2018)	Informe Seguimento Máster en Matemáticas	Continuar colaborando co Instituto de Matemáticas no programa de bolsas de colaboración para alumnado do Máster en Matemáticas.	Finalizada/Si	Coordinadora do MM	31/12/2018	Si
MTE-AM4_PM1516	Informe Seguimento Máster en Técnicas Estatísticas	O MTE conta con varios convenios de mobilidade con universidades estranxeiras (a través do programa Erasmus+) a maiores dos posibles convenios bilaterais dos que pode aproveitarse o alumnado dependendo da universidade na que este matriculado. Sen embargo, os estudantes non fan uso desta oportunidade. Esta acción de mellora irá encamiñada a incrementar a participación dos estudantes en programas de mobilidade, distinguindo dúas tarefas principais: (1) análise da idoneidade dos convenios existentes e (2) incremento e adecuación dos mesmos.	Finalizada/(tarifa 1: Si, tarifa 2:Non)	Coordinador xeral do MTE	31/07/2018	Non
MTE-AM5_PM1516	Informe Seguimento Máster en Técnicas Estatísticas	Completar a reforma do plan de estudos do MTE, de xeito que permita a súa implantación no curso 2019/2020. Nesta acción de mellora continuarase coa reforma do plan de estudos iniciado na AM1_PM1718 do plan de melloras do curso 2017/2018	Finalizada/Si	Coordinador xeral do MTE	08/05/2019	Non
MTE-AM2_PM1718	Informe Seguimento Máster en Técnicas Estatísticas	Financiamento do mantemento do equipo de videoconferencia nas aulas asignadas ao máster, en coordinación cos respectivos centros	Finalizada/Si	Decana da Facultade	08/05/2019	Si

3.2 Plan de melloras dos informes de seguimento 2017-2018

O plan de melloras da Facultade de Matemáticas para o curso 2018-2019 é a suma dos plans de mellora dos diferentes títulos dos que o centro é responsable (detallados nos informes de seguimento do curso 2017-2018). Relatamos as accións de mellora de cada un deles, como foron definidas nos correspondentes informes de seguimento, que quedan

incorporadas ao plan de melloras da Facultade de Matemáticas. Pódense consultar cada unha delas nas seguintes direccións:

- [Informe de seguimento Grao en Matemáticas \(Curso 2017/2018\)](#)
- [Informe de seguimento Máster en Matemática Industrial \(Curso 2017/2018\)](#)
- [Informe de seguimento Máster Técnicas Estatísticas \(Curso 2017/2018\)](#)

Grao en Matemáticas

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-1 (Curso 2018/2019)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Ante a demanda de diferentes empresas colaboradoras coas prácticas e por contactos establecidos con docentes do centro e co equipo decanal, como acción de mellora estase a planificar unha Feira de emprego en Matemáticas no ano 2019
Definición/ descrición proposta	FEIRA DE EMPREGO EN MATEMÁTICAS
Datas	Finalización: 27/12/2019; Inicio: 30/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: En construción ; Eficacia: --
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-2 (Curso 2018/2019)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Coñecer o impacto de actividades como as Olimpíadas Matemáticas ou Estalmat-Galicia e a satisfacción das actividades organizadas ou xestionadas por membros do equipo docente da Facultade.
Definición/ descrición proposta	ENQUISA DE SATISFACCIÓN NA XORNADA DE BENVIDA AOS NOVOS ESTUDANTES
Datas	Finalización: 22/09/2018; Inicio: 01/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Si; Data Estado: 25/04/2019

 FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	
		Páxina 15 de 29

Responsables	Beatriz Pateiro López
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Preséntanse os resultados que xa foron compartidos coa primeira Comisión de Docencia da Facultade despois da benvida. (Arquivo: resultados_enquisa_benvida_1819_def.pdf)
Data Comprobación	22/04/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-3 (Curso 2018/2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Informe da enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos (Curso 2016-2017)
Definición/ descrición proposta	<p>Necesidade de mellorar os espazos destinados ao PAS da Facultade. Trasmitir ás autoridades con responsabilidade na RAM estas necesidades para, conxuntamente, e cos orzamentos da Facultade, lograr:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mellorar a temperatura na conserxería, contactouse tamén co departamento de Análise de Riscos Laborais. - Na análise de redistribución de espazos na Facultade ter en conta uns espazos mínimos para cada posto de traballo.
Datas	Finalización: 28/12/2019; Inicio: 12/04/2019
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-4 (Curso 2018/2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Necesidade de actualización de equipos nas Aulas de Informática.
Definición/ descripción proposta	Actualizar os equipos informáticos da Facultade, na medida do posible.
Datas	Finalización: 30/11/2019; Inicio: 15/02/2019
Estado/Eficacia	Estado: Activa ; Eficacia : --
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-5 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Necesidade de manter os equipos de videoconferencia do centro.
Definición/ descripción proposta	Financiar conxuntamente os equipos de videoconferencia do centro.
Datas	Finalización: 22/4/2019; Inicio: 15/02/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizado; Eficacia : Si
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-6 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
Análise causa	Necesidade de introducir unha coordinación vertical na avaliación continua.
Definición/ descripción proposta	Facer unha análise da avaliación continua actual en todos os cursos para propoñer procedementos de avaliación consistentes no Grao en Matemáticas.
Datas	Finalización: 30/09/2019; Inicio: 02/02/2019
Estado/Eficacia	Estado: Activa ; Eficacia : --
Responsables	Rosana Rodríguez López, Comisión de Título do Grao en Matemáticas

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-7 (Curso 2018-2019)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
Análise causa	Necesidade de definir os procedementos nos TFGs dos dobres graos. Existencia de estudantes dos dobres graos que teñen que realizar os TFG o curso 2019-20 e necesidade de actualizar a normativa de TFGs.
Definición/ descripción proposta	Analizando as enquisas de satisfacción sobre TFG propoñer un cambio na normativa dos TFGs que contemple a existencia dos dobres graos que se imparten no centro.
Datas	Finalización: 30/12/2019; Inicio: 02/04/2019
Estado/Eficacia	Estado: Activa ; Eficacia : --
Responsables	Rosana Rodríguez López, Comisión de Título do Grao en Matemáticas

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-8 (Curso 2018-2019)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
Análise causa	Reflexións da coordinación de cuarto curso. Poder dispor dun repositorio no cal os docentes voluntariamente poidan compartir materiais.
Definición/ descripción proposta	Analizar a posibilidade de dispor dun repositorio para os docentes da Facultade ou animar aos docentes a compartir os materiais de clase no repositorio Minerva.
Datas	Finalización: 30/07/2020; Inicio: 02/05/2019
Estado/Eficacia	Estado: Activa ; Eficacia : --
Responsables	Rosana Rodríguez López, Comisión de Título do Grao en Matemáticas

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-9 (Curso 2018-2019)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
Análise causa	Reflexións das xuntanzas de coordinación e dos resultados.
Definición/ descripción proposta	Engadir nas guías das materias para o curso 2019-20, en cada tema, unha estimación das horas dedicadas ás clases expositivas.
Datas	Finalización: 30/07/2019; Inicio: 06/05/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada ; Eficacia : Si
Responsables	Rosana Rodríguez López, Comisión de Título do Grao en Matemáticas

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-10 (Curso 2018-2019)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
Análise causa	Reflexións dos últimos informes de seguimento.
Definición/ descrición proposta	Analizar as opcións de cambio de cuatrimestre e/ou de curso das materias que se imparten actualmente no terceiro curso. Os obxectivos son mellorar a coordinación dos contidos da titulación e equilibrar a carga de traballo asignada a cada curso.
Datas	Finalización: 31/12/2019; Inicio: 07/10/2019
Estado/Eficacia	Estado: Activa ; Eficacia : --
Responsables	Rosana Rodríguez López, Comisión de Título do Grao en Matemáticas

Máster en Matemática Industrial

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-1 (Curso 2018/2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Necesidade de manter os equipos de videoconferencia do M2i en todos os centros.
Definición/ descripción propuesta	Financiar conxuntamente os equipos de videoconferencia do centro.
Datas	Finalización: 22/4/2019; Inicio: 15/02/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Si
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-2 (Curso 2018/2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Necesidade de dispor de dúas aulas por solapamento de horarios
Definición/ descripción propuesta	Dotar dunha segunda aula de videoconferencia na UPM
Datas	Finalización: 30/03/2019; Inicio: 15/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Si
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-3 (Curso 2018/2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Necesidade de manter actualizar os equipos informáticos
Definición/ descripción proposta	Adquisición dun novo equipo para os docentes que facilite impartir as clases por videoconferencia na USC e actualización, na medida do posible dos equipos dos estudantes
Datas	Finalización: 20/12/2018; Inicio: 15/11/2018
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : SI
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-4 (Curso 2018/2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Necesidade de manter os equipos informáticos e os sistemas de videoconferencia
Definición/ descripción proposta	Análise de opcións de xestión dos equipos de videoconferencia das universidades galegas, no marco do consorcio interuniversitario, para o curso 2019-2020, por rematar o prazo no que os equipos actuais poden estar asegurados. É necesario dispor de opcións técnicas no caso se presentan avarías e propostas coordinadas de xestión dos sistemas de videoconferencia
Datas	Finalización: 30/12/2019; Inicio: 09/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-5 (Curso 2018/2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
Análise causa	Necesidade de coordinar as entregas das tarefas e optimizar as datas dos exames. O feito de contemplar todos os festivos das cinco universidades, centros, e cidades nas que se imparte o M2i leva a reducir o período de exames para anticipar o segundo semestre. En xuntanzas con estudantes chegamos á necesidade de valorar esta proposta de mellora en dúas materias.
Definición/ descrición proposta	Propor un calendario de exames que permita desdobrar as datas de exames finais en algunhas materias obrigatorias, para facer compatible a aplicación de todos os festivos e repartir a carga de traballo especialmente no primeiro cuadrimestre.
Datas	Finalización: 30/06/2019; Inicio: 5/05/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Si
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON

Máster en Matemáticas

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-1 (Curso 2018-2019)
Origen	Informe de avaliación para a acreditación.
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análisis causa	A asignación de temas e titores para o TFM debe realizarse de acordo cun regulamento que, mantendo a flexibilidade e axilidade actuais, garanta que todos os estudantes saiban en todo momento a que aterse respecto desta cuestión, conten cun calendario estable que lles permita dispoñer do máximo tempo posible para realizar o seu TFM e coñezan todos os detalles sobre como van ser avaliados.
Definición/ descripción proposta	<p>Elaboración dunha lista de titores de TFM en cada curso cunha presentación dos temas de traballo propostos. Esta lista estará ao dispor dos estudantes a principios de curso.</p> <p>Especificación de prazos de elaboración e procedemento de elección de titores na programación da materia P1141106. A asignación deberá completarse a finais de outubro. No resto de aspectos regulamentarios o máster aplicará o regulamento xeral da Universidade (texto oficial).</p> <p>Realizarase unha xornada a principio de curso sobre as liñas de traballo existentes no máster.</p>
Datas	Finalización: 31/12/2019; Inicio: 01/01/2019.
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficaz; Data Estado: 10/10/2019
Responsables	Leovigildo Alonso Tarrío

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-2 (Curso 2018-2019)
Origen	Informe de Seguimento.
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análisis causa	O plan de acción do Instituto de Matemáticas da USC inclúe como unha das súas accións o "deseño e convocatoria dun programa de bolsas para colaboración en tarefas de investigación", para a que se abrirá unha convocatoria anual de bolsas para a iniciación á investigación dirixida a alumnado de grao, máster e doutoramento en Matemáticas. Este máster beneficiarase de tal acción e redundará na posibilidade de captación de alumnos excelentes.
Definición/ descripción proposta	Continuar colaborando co Instituto de Matemáticas no programa de bolsas de colaboración para alumnado do Máster en Matemáticas.
Datas	Finalización: 31/12/2019; Inicio: 01/01/2019.
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non; Data Estado: 10/10/2019
Responsables	Leovigildo Alonso Tarrío

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-3 (Curso 2018-2019)
Origen	Informe de avaliación para a acreditación.
Ámbito de aplicación	Criterio 2. Información e transparencia.
Análisis causa	A páxina web contén a información imprescindible nun formato familiar para os alumnos procedentes dun grao da USC. Con todo, pode non ser suficiente para posibles alumnos con outra procedencia.
Definición/ descripción proposta	Realizar unha análise coa comunidade educativa sobre posibles melloras e alternativas para o desenvolvemento da páxina web, incluíndo información acerca dos temas dos traballos de fin de máster e o seu procedemento, así como información útil para os egresados.
Datas	Finalización: 31/12/2019; Inicio: 01/01/2019.
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : en proceso; Data Estado: 10/10/2019
Responsables	Leovigildo Alonso Tarrío

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-4 (Curso 2018-2019)
Origen	Informe de Seguimento.
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análisis causa	Parte do alumnado está interesado no acceso ao corpo de profesorado de ensino secundario. Hai unha demanda de matemáticos para exercer como docentes no ensino secundario, que as opcións actuais na USC non cobren.
Definición/ descripción proposta	Elaborar un anteproxecto de máster que permita unha dobre titulación en Matemáticas e Profesorado de Educación Secundaria coa especialidade en Matemáticas. En caso de ser aprobado, continuar coa tramitación para poñelo en marcha.
Datas	Finalización: 31/12/2019; Inicio: 01/01/2019.
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : en proceso; Data Estado: 10/10/2019
Responsables	Leovigildo Alonso Tarrío

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-5 (Curso 2018-2019)
Origen	Informe de avaliación para a acreditación.
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análisis causa	Recomendación: reflexionar sobre a posibilidade de realizar algún cambio nas materias ou na estrutura do título para acomodalo ao que é o avance da investigación matemática actual.
Definición/ descripción proposta	Nomear unha comisión que estude a actualización do plan de estudos do máster con especial atención ás materias optativas.
Datas	Finalización: 15/12/2019; Inicio: 01/01/2019.
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : en proceso; Data Estado: 10/10/2019
Responsables	Leovigildo Alonso Tarrío, comisión de título.

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-6 (Curso 2018-2019)
Origen	Informe de avaliación para a acreditación.
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización y desenvolvemento
Análisis causa	Recomendación: garantir que, curso a curso, os responsables das materias garden unha traza significativa de como os estudantes foron avaliados, así como facer unha revisión das guías docentes para que se adapten á memoria do título.
Definición/ descripción proposta	Realizar un traballo de seguimento da avaliación das materias do máster. A comisión de título estudará as guías docentes publicadas e solicitará aos responsables a súa corrección e completión.
Datas	Finalización: 01/07/2019; Inicio: 01/03/2019.
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : en proceso; Data Estado: 10/10/2019
Responsables	Leovigildo Alonso Tarrío, Comisión de Título.

Máster en Técnicas Estadísticas

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-1 (Curso 2018/2019)
Orixe	Proposta de mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento Criterio 5. Recursos materiais e servizos
Análise causa	A acción dérivase do proceso de reforma do plan de estudos do mestrado, consecuencia da execución da AM1_PM1718 do plan de melloras do curso 2017/2018
Definición/ descrición proposta	Completar a reforma do plan de estudos do MTE, de xeito que permita a súa implantación no curso 2019/2020. Nesta acción de mellora continuarase coa reforma do plan de estudos iniciado na AM1_PM1718 do plan de melloras do curso 2017/2018.
Datas	Finalización: 31/07/2019; Inicio: 03/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Si
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON, Coordinador xeral do MTE

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM2_PM1718
Orixe	Acción de mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 5. Recursos materiais e servizos
Análise causa	O equipo de videoconferencia que se emprega para o MTE na USC rematan a súa garantía durante o curso 2018/2019 sendo necesario renovala para garantir o normal desenvolvemento das actividades docentes do máster.
Definición/ descrición proposta	Financiamento do mantemento do equipo de videoconferencia nas aula asignadas ao máster, en coordinación cos respectivos centros.
Datas	Inicio: 01/01/2019 Fin:31/12/2019
Estado/Eficacia	Executada. A garantía foi renovada coa participación do centro (Fac. Matemáticas) e coa coordinación e orzamento do vicerreitorado de Planificación e Proxección Estratéxica (USC).
Responsables	Decana da Facultade de Matemáticas da USC

 UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	
		Páxina 28 de 29

4. Anexo: Informes de seguimento e accións mellora

Todos os informes de seguimento do curso 2017-2018 esán dispoñible na web da Facultade de Matemáticas no apartado de [Calidade](#)

[Informe de seguimento do Grao en Matemáticas](#)

[Informe de seguimento do Máster en Matemática Industrial](#)

Máster en Matemáticas:

- [Autoinforme de renovación da acreditación](#)
- [Informe final de avaliación para a renovación da acreditación](#)
- [Plan de melloras](#)

[Informe de seguimento do Máster en Técnicas Estatísticas](#)

INFORME SOBRE A MEMORIA DE CALIDADE DA FACULTADE DE MATEMÁTICAS

O 7 de novembro de 2019 recíbese na Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) a Memoria de Calidade da Facultade de Matemáticas correspondente á revisión do curso 2017-2018, solicitando o informe técnico. A memoria foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro de acordo co proceso PE-02 Revisión e mellora do Sistema de Garantía de calidade da Facultade de Matemáticas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

De acordo co proceso de Revisión e mellora (Código: PE-02) a análise de funcionamento de cada un dos títulos e do SGC de forma global queda recompilada na Memoria de Calidade do Centro, que pecha o ciclo de calidade anual do centro.

A figura da acreditación institucional, introducida polo Real decreto 420/2015 do 9 de maio, abre un escenario novo, no que a Memoria de Calidade de cada centro debe constituír o documento que recolla o seguimento dos títulos e do propia Sistema de Garantía de Calidade.

Deste xeito, o centro deberá analizar o desenvolvemento e os resultados dos seus títulos así como o funcionamento do seu Sistema de Garantía de Calidade, tendo en conta a súa planificación estratéxica e os seus obxectivos, no marco da planificación da institución.

INFORME:

A Memoria de calidade 2017-2018 da Facultade de Matemáticas, recolle os contidos mínimos establecidos:

- Introducción
- Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados
- Plan de melloras
- Modificacións nos diferentes títulos
- Listaxe de evidencias e indicadores

En cada apartado realízanse as análises e reflexións oportunas, realízase o seguimento das melloras formuladas en anos anteriores, propóñense melloras a implantar nos títulos e no centro para o seguinte ciclo e analízase o funcionamento do Sistema de garantía de calidade, polo que se informa **favorablemente** o documento.

De acordo co proceso establecido, a vicerreitoría con competencias en calidade daralle traslado á Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello do Goberno que poderá, de ser o caso, formular recomendacións.

Pilar Martínez García

Vicexerenta de Persoal, Investigación e Planificación Estratéxica